# enredando

## Rompendo barreiras

Cruz Vermella

en
red
ando

"**Enredar**" é unha palabra con moitos sentidos. Tanto en español como en galego pode ser "meterse nun lío", "perder o tempo"; pero en galego ten un significado moi noso: enredar é "pasar un anaco", "xogar", en definitiva, é "argallar".

# Obxectivos

## Perder o medo

Buscamos que as persoas que vos acerquedes por primeira vez ó mundo dixital poidades comprender as enormes posibilidades que ofrece e que sintades que non todo é tan complexo e difícil como pode parecer.

## Ter habilidades básicas

Queremos que sexa o comezo dun proceso de aprendizaxe do básico, que vos permita progresar a cada persoa: aprender a navegar seguro por Internet, enviar unha mensaxe ou ter correo electrónico.

## Garantir apoio dixital

Pero sobre todo buscamos que, dende o intre en que contactedes co proxecto en diante, teñades apoio dixital ante calquera dúbida, contando tamén co noso voluntariado.

# Como o imos facer

**01**

**FURGONETA EQUIPADA** para impartir formacións e/ ou resolver dúbidas en capacidades e habilidades dixitais.

**02**

**ITINERARIOS XEOGRÁFICOS** por Galicia achegando as novas tecnoloxías ás persoas maiores.

**03**

**MENÚS FORMATIVOS** sobre diferentes temáticas de utilidade para a autonomía dixital.

# Algúns dos contidos:

## Tecnoloxías

Que é a realidade virtual e a intelixencia artificial.

## Seguridade na Rede

Preciso coñecer máis sobre seguridade en Internet e detectar posibles fraudes.

## Utilidades na Internet

Como podo empregar a banca dixital? E facer compras por Internet?




Impreso en papel reciclado.

Cruz Vermella

CeMIT
Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica

MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE SOFTWARE LIBRE EN GALICIA